

# Xornada de grandes rebaixas na Noite Aberta do comercio local

Vinte e nove establecementos comerciais abrirán as súas portas o día 17 de xuño ata a media noite e aplicarán descontos de ata o 60% e promocións especiais en boa parte dos seus produtos. Será un día de festa no comercio de Melide con animación de rúa, música, petiscos nas tendas e o sorteo de 25 agasallos ao remate da xornada entre todas as persoas que realicen algunha compra dende as cinco da tarde ata as doce da noite. P3



### MELIDE

Un informe da UE cuestiona a calidade das augas do río Furelos P11

### COMARCA

Visantoña: a banda sorteará un concerto polo seu 140º aniversario P13

### CULTURA

Pegada melidá nunha ópera para a historia sobre a lenda da Raíña Lupa P17

### REPORTAXE



Laia  
Zapateiros  
P23

**A asociación O Noso Lar, premio á defensa do idioma**



O colectivo, integrado por máis de 400 veciños de Visantoña, desenvolve dende hai case 50 anos un incansable traballo dende o compromiso co galego. P18

**“Os 21 do Camiño” aspira a novos récords na 4ª edición**



O ritmo de inscricións da media maratón entre Palas e Melide é un 30% superior ao do ano pasado. A organización agarda chegar aos 700 atletas inscritos. P19

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS  
TERRA DE MELIDE**

*26 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca*

Tfno: 981 50 61 88 - [info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

## Editorial

### Estamos na póla

As campañas electorais son sempre tempos interesantes para a análise. Desta volta tivemos unha prórroga dura-deira que nos permitiu esculcar mellor o panorama e a pesar desa sensación de déjà vu constante que nos leva á apatía e ao desinterese, o certo é que as cousas están cambiando. Quizais non tanto na política pero si na forma de comunicala; pensen por exemplo nos programas electorais convertidos en catálogos.

Esta campaña estase a disputar máis ca ningunha outra no terreo das redes sociais. E quizais esa inmediatez que as define, esa limitación dos famosos 140 caracteres, esa necesidade do impacto, da busca do trending topic, está levando a unha banalización das mensaxes, á falta de profundidade. Igual que aconteceu no ámbito do xornalismo, onde a inmediatez matou o rigor, as novas formas de comunicación política parece que mataron a boa política.

Nesta dinámica dáse e un proceso de retroalimentación, pois como receptores tamén demandamos mensaxes de consumo rápido e fácil dixestión, contribuíndo á banalización do discurso. O debate electoral a catro do pasado 13 de xuño foi un éxito de audiencia, con 8,8 millóns de



espectadores. A resposta nas redes sociais foi proporcional e durante a emisión do mesmo Twitter rexistrou 1,8 millóns de mensaxes (ata 13.000 por minuto nalgúns momentos), converténdose na segunda maior resposta a unha emisión televisiva este ano, despois da final de Eurovisión.

Twitter foi unha excelente plataforma de enxeño e fina ironía non exenta de contido crítico; algo que se agradece pero que toma a política como pretexto e que se queda na maioría dos casos na simple anécdota, igual que sucede coas memes que circularon ao día seguinte por Facebook. Estase a facer anécdota da política e aí nos quedamos. Pensen por exemplo no vídeo

que tralo debate estaba emitindo Pedro Sánchez en directo por Periscope cando golpeou a cara coa póla dunha árbore. Tivo millóns de visualizacións e mesmo saltou ás edicións dixitais dos principais xornais. Todos recordamos a pola da árbore pero, cantos lembramos o que nos estaba contando Pedro Sánchez? Quedamos na anécdota. Estamos na póla.

Non sabemos se os políticos están cambiando pero sen dúbida a comunicación política si. A mensaxe chega con máis facilidade a través das redes pero, como chega? Para chegar é preciso sacrificar o discurso? Fai que nos idioticemos como votantes? Propiciamos esa espiral?

## Tribuna de opinión

### Asociacións da comarca

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



O xornal Cerne publica estes meses nas súas páxina dúas novas relacionadas con asociacións culturais da comarca. Unha delas está dedicada a O Noso Lar, que despois de case cincuenta anos de actividade na parroquia de Visantoña acaba de recibir o Premio á Defensa do Idioma polo seu labor dinamizador dende o compromiso co galego. A outra, que será ampliada no vindeiro número, conta que Charamela será galardoada coa Medalla de Ouro do Concello de Melide.

En ámbolos dous casos se trata dun recoñecemento que nos leva a pensar no importante labor que desenvolven as asociacións na nosa comarca. Xa non só por chega-

ren alá a onde as administracións (normalmente por limitacións económicas) non dan chegado, senón tamén por ese papel fundamental como elemento de cohesión social. As asociacións implican á colectividade en causas comúns, eliminan diferenzas, rompen barreiras xeracionais e, en definitiva, fan que o mundo que habitamos sexa mellor.

Dende Asetem felicitamos de xeito especial a O Noso Lar e Charamela, pero tamén a todo o tecido asociativo da Terra de Melide, do que nos podemos sentir máis que orgullosos polo numeroso e activo que é. Animamos tamén á veciñanza a que se asocie e participe destes colectivos que tanta vida nos dan.

## Cerne

Edición dixital en [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

Publicación mensual de distribución gratuíta

**COORDINACIÓN E REDACCIÓN:** Iván G. Blanco

**EDICIÓN:** Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

**ENDEREZO:** R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: [info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

**COLABORACIÓNS:** Xosé Núñez López, Xavier Pazo Blanco

**AGRADECIMENTOS:** Pilar López López, Adolfo Álvarez Fuentes, Meligraf

**IMPRESIÓN:** Publicaciones Tameiga S.L.

**DEPÓSITO LEGAL:** OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

## ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	17
-COLABORACIÓN.....	22
-REPORTAXE.....	23

## O comercio de Melide anticipase ás rebaixas na Noite Aberta do día 17

Vinte e nove tendas asociadas a Asetem abrirán ata as 00:00 horas con descontos que chegarán ao 60%



Decoración especial, petiscos e prezos reducidos son os principais atractivos da Noite Aberta

Trala boa experiencia do ano pasado, satisfactoria tanto para negocios como para clientes, o comercio de Melide asociado a Asetem pon en marcha a segunda edición da Noite Aberta, unha xornada con horarios de apertura excepcionais e grandes descontos en todo tipo de produtos.

Celebrarase o venres 17 de xuño e nela participarán 29

establecementos comerciais, dez máis ca na primeira edición. Todos eles abrirán as súas portas ese día ata a media noite e a partir das 17:00 horas comezarán a aplicar grandes descontos en boa parte dos artigos que teñen á venda. O cliente poderá beneficiarse de rebaixas de entre o 20% e o 60%, ofertas de ata 3x1 e promocións especiais. Cada esta-

blecemento poderá establecer libremente os seus propios descontos pero, en todos os casos, acadarán niveis propios dos últimos días de rebaixas.

O notable incremento de participación nesta segunda edición da Noite Aberta traducirase nunha maior oferta e variedade para os consumidores, que poderán atopar rebaixas nos produtos dos se-

guintes sectores: roupa e calzado para adultos e cativos, xoias, óptica, complementos, cosmética e perfumería, lencería, deportes, electrodomésticos, alimentación ecolóxica e delicatessen, parafarmacia, librería e ferraxería.

### Un día de festa

Ademais dunha xornada de prezos reducidos, o venres 17 de xuño será un día de festa no comercio de Melide e por iso as tendas participantes lucirán unha decoración especial para a ocasión composta por unha alfombra vermella e globos. Este será tamén o distintivo ao que deberán de estar atentos os clientes para saber que tendas ofrecen descontos.

Por outra banda ofrecerán petiscos de queixo grazas á colaboración do Consello Regulador da D. O. Protexida Arzúa-Ulloa. Os atractivos da Noite Aberta non só estarán no interior dos comercios, senón tamén na rúa, onde os diverpallasos animarán a tarde con bromas e globoflexia nas súas visitas de tenda en tenda. Haberá tamén unha actuación musical nos momentos previos ao sorteo de agasallos que poñerá punto e final a esta xornada. Dito sorteo comezará ás 00:00 horas no Cantón de San Roque e nel repartiranse agasallos cedidos polos comercios entre os clientes que realizaron algunha compra ao longo da tarde. Para poder recibir o premio é necesario estar presente no momento do sorteo.

### ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

- EKATÉ
- ROMERO ZAPATERÍAS
- LIBRERÍA VICTORIO
- MIS MEJORES LABORES
- CALZADOS BROZ
- MULTIÓPTICAS
- COLORÍN COLORADO
- SISUKA
- STARDEMUDA
- ORO LEI XOIERÍA
- XEBRE
- EL DÁNDOLO
- ELECTROSAN
- M<sub>2</sub>M MODA
- MARVI MERCERÍA
- LEIVA MOTOSPORT
- MUXICA
- ALAIN AFFLELOU
- CALIFORNIA 66
- PERFUMERÍA LYSS
- TU BOUTIK
- SUEÑOS MODA INFANTIL
- MEDUSA MODA
- PARAFARMACIA CANTÓN
- SPORT MODA
- PEQUENIÑOS
- DEPORTES LÓPEZ
- CTRO. COMERCIAL ARES
- IMAXINA

### SORTEO DE PREMIOS ÁS 12 DA NOITE NO CANTÓN DE SAN ROQUE

As persoas que se acheguen á Noite Aberta do comercio de Melide teñen unha cita ás 00:00 horas no Cantón de San Roque, onde se rifarán máis de vinte regalos cedidos polos comercios. Para participar no sorteo abonda mercar nalgún dos establecementos participantes. Os tendeiros quedarán cunha copia de cada ticket de compra no que anotarán o nome do cliente e ao final da noite depositaranos todos xuntos nunha urna. Os tickets premiados elixiranse polo sistema de extracción con man inocente. Para poder levar o agasallo é preciso que a persoa premiada estea presente no momento do sorteo.

Os regalos que se sortearán son cinco vales de 50 euros, dou vales de 25 euros, dúas gafas de sol, un conxunto de bolso e carteira, unha camiseta de señora, un casco de motorista, un tensiómetro, tres mochilas, unha manta infantil, dous pixamas, unha gravadora de voz, un reloxo para señora ou cabaleiro e un neceser con produtos cosméticos. Ademais, por cortesía do Hotel-Balneario Río Pambre, situado na localidade veciña de Palas de Rei, tamén se sor-



Sorteo de premios na edición de 2015

teará un paquete termal para dúas persoas que inclúe circuito termal, baño de parafango e sesión de masaxe antiestrés.

Ningún dos agasallos será entregado no momento do sorteo, a excepción dos vales-desconto. As persoas afortunadas recibirán unha tarxeta de Asetem que deberán presentar na tenda que corresponda para poder recoller o regalo.

## EMPRENDEDORAS EN MELIDE

SONIA SEGADÉ ABAD, “SUEÑOS MODA INFANTIL” (R/ Alexandre Bóveda, nº 2)



### “Encántanme os nenos e ao abrir esta tenda cumprín unha ilusión”

**-Por que se animou a montar unha tenda de roupa infantil?**

**-Sonia Segade (S.S.):** Era unha idea que xa tiña en mente dende había tempo e que fixen agora como algo complementario ao meu traballo de enfermeira. Encántanme os nenos e o trato coa

xente. Ademais a miña familia sempre tivo negocios de cara ao público e iso foi algo que vivín dende pequena e que me gusta. Podo dicir que abrir esta tenda foi unha ilusión cumprida.

**-Que rangos de idades abarca?**

**-S.S.:** Quería centrarme en prendas ata os 8 anos pero estou vendo que hai moita demanda en nenos e nenas de menos de dez anos que levan ata a talla 14. De feito acabo de traer roupa dunha firma máis xuvenil enfocada a esas idades nas que non se é neno nin adulto. Agora mesmo teño tallas dende cero a 16. Sobre a marcha iremos vendo o que se demanda máis aquí, porque cada vila é un mundo. Nunha cidade entran moitas persoas na tenda pero aquí é máis esporádico e tes que ir a tiro fixo, ao que sabes que gusta.

**-De cara ao verán, que tipo de roupa podemos atopar en Sueños?**

**-S.S.:** Eu son moito de colorido. Comprei algunha cousiña

de Mayoral para bebés e regalos de nacementos e logo collín prendas dunha casa moi coñecida, Girandola, con tallas júnior. Busco unha liña informal, como Rosalita Señoritas, que é roupa moi alegre. Procuro ter na tenda prendas diferentes, como as da marca Desigual para os adultos. Tamén teño mantiñas, bolsas para bebés acabados de nacer, algo de vestir para cerimonias... xa se me está quedando pequena a tenda!

**-Como están resultando estas primeiras semanas?**

**-S.S.:** Estoulle moi agradecida á xente de Melide polo apoio e polo cariño que me está demostrando, ás persoas que me coñecen de toda a vida e que veñen desexarme sorte,

que entran na tenda para darme ánimos aínda que sexan maiores e non teñan nenos. Tal e como están os mundos este é un investimento arriscado e agrádese moito sentirse arroupada.

**-É difícil emprender?**

**-S.S.:** Se empezas con ilusión lévalo ben a pesar das dificultades. Eu tiña idea de abrir en agosto e xa tiña mercada a colección de inverno, pero vin que este baixo estaba moi demandado e como tiña medo de quedar sen el lanceime. Tiven que mercar a roupa de verán a última hora e foi todo un pouco precipitado, pero eu son moi botada para adiante e con iso e optimismo lévase todo ben. Abrín con ganas e estou moi contenta.



**APERTURA**

Tlf.: 981 50 17 87  
simonsegade@hotmail.com  
R/ Alexandre Bóveda, 2







## Calzados Broz recibe o Premio Traxectoria do Comercio Galego

O establecemento, socio de Asetem, leva en funcionamento dende o ano 1902 e por el pasaron xa catro xeracións



Manuel Vázquez (presidente de Asetem), Antía Broz e Quico Broz no momento da entrega do premio

Probablemente xa se poden contar por millóns os pares de zapatos que Calzados Broz leva despachado nos seus 114 anos de historia, nos 41.610 días de portas abertas e atención ao público que pasaron dende que en 1902 iniciou a súa actividade este establecemento icónico do comercio melidense. Tan longa e prolífica traxectoria foi recoñecida recentemente pola Federación

Galega de Comercio, que acordou outorgarlle o Premio Traxectoria Comercio Galego, un galardón co que se quere homenaxear a aqueles negocios lonxevos que souberon adaptarse aos tempos, renovarse e superar crises xeración tras xeración ata erixirse na actualidade como exemplo para todo o sector.

A entrega de premios, na que tamén recibiron os seus

respectivos galardóns outros 14 establecementos da provincia con máis de 50 anos de vida, celebrouse o pasado 2 de xuño na sede do Sporting Club Casino da Coruña. Ata a cidade herculina despráronse Kiko e Antía Broz, xerentes da zapatería, acompañados por familiares e membros da xunta directiva de Asetem, da que Calzados Broz é socio dende o ano 2010

A pensión na que se facían zapatos: así comezaron 114 anos de historia

A andaina de Calzados Broz comezou no ano 1902 co nome de "Ribeirao", como se alcumaba a casa dos fundadores. Foi décadas despois, ao casar a nai do actual xerente, cando a zapatería adquiriu o nome actual. Corría daquela o ano 1944.

Naquelas primeiras décadas o local estaba dividido en dúas partes; unha metade funcionaba como pensión, pois tamén daban hospedaxe, e na outra atopábase o obradoiro de zapatos. Nel chegaron a traballar ata sete empregados que facían zapatos por encarga para o público en xeral e tamén para pés con problemas, formas especiais ou tallas grandes.

Ademais de zapatos, do obradoiro de Broz saían dúas de zocos, o que o converte nun dos máximos representantes do tradicional oficio dos zoqueiros, con moita implantación no Melide de mediados do século pasado. Ata 1990 acudiu a unha media de 15 feiras cada mes, cubrindo un radio de 40 km á redonda.



Os irmáns Broz diante do escaparate da tenda

e entidade que animou a dito negocio a presentar a súa candidatura aos premios.

O acto contou coa presenza do Conselleiro de Economía e Industria, Francisco

Conde, que animou ao sector a apostar pola formación e a innovación xunto xunto coa "calidade e a proximidade que formaron sempre parte do ADN do pequeno comercio".

## A campaña da Federación de Comercio deixa uns ingresos de 300.000 euros

O 20 de maio foi un día de festa no comercio de Melide, que acolleu a gala de clausura da campaña "As compras na túa vila teñen premio" e o sorteo de 4.000 euros en premios entre a clientela dos establecementos locais.

Esta iniciativa, impulsada pola Federación Galega de Comercio en colaboración con Asetem, pechou con notable éxito en vista dos 16.800 boletos repartidos entre os consumidores. Esta cifra correspóndese con outras tantas compras realizadas polos

clientes nas tendas de Melide, que recibiron uns ingresos estimados de 300.000 euros durante os 11 días de duración da campaña. É esta unha cantidade "importante", segundo expresou o presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas, que permite dar por cumprido o obxectivo principal da campaña: "incentivar o consumo no pequeno comercio".

O presidente de Asetem incidiu na transcendencia que teñen este tipo de campañas no comercio de proximidade

xa que "permiten facer visible o noso potencial e convencer aos clientes que aínda teñen dúbidas de que somos un centro comercial aberto completo e competitivo onde poden atopar todo o que precisen", dixo Manuel Vázquez, quen engadiu que con esta iniciativa "saíu reforzado Melide como marca comercial".

A quenda de intervencións pechouna Sol Vázquez, directora xeral de Comercio da Xunta de Galicia, que apelou aos consumidores a "seguir apoiando o comercio de proxi-



Unha cliente premiada recibe un vale de 100 euros

midade" e falou da necesidade de colaboración por parte das diferentes entidades do sector: "entre todos podemos facer

cousas como as desta tarde; unha festa do comercio que beneficia a establecementos e consumidores".

## Asetem consegue melloras para os socios en contratos novos con “R”

No ano 2012 Asetem e Hardgalicia, empresa distribuidora para Melide e comarca dos servizos da compañía “R”, asinaron un convenio con condicións vantaxosas para os socios da patronal en materia de telefonía e acceso a internet.

Catro anos despois dito acordo acaba de ser actualizado co obxectivo de incorporar algunhas melloras. As máis destacables teñen que ver coas tarifas que se ofrecen para novos clientes, en concreto no denominado “Combo 150 negocios”, pensado especificamente para comercios e pequenas empresas.

Este servizo inclúe ADSL 150 megas, liña móbil con chamadas ilimitadas, 3 GB e datos ilimitados con wificlientes R. Tamén liña fixa con tarifa plana a fixos, chamadas ilimitadas a móbiles R e 1.000 minutos a outros móbiles.

Os establecementos de Asetem que se fagan clientes de R e contraten dito combo



Hardgalicia, distribuidor de “R”, está na Rúa do Convento nº 6

poderán beneficiarse dunha promoción de tres meses con factura cero euros, polo que a media do primeiro ano será só de 45,74 €/mes. Para os negocios que non formen parte da patronal melidense a promoción só inclúe dúas facturas sen cargo. Xa que logo, no seu caso a media mensual ascenderá a 50,41 euros.

Por outra banda, os socios

de Asetem que se se fagan clientes de “R” terán 18 meses de promoción se contratan o “Combo Oficina”, 6 meses máis dos que se lle ofrecen a un novo cliente convencional.

Todas estas ofertas, xunto con outras que se incluíron no convenio destinadas a negocios que xa son clientes, poden consultarse na tenda de “R” en Melide.

## Ordenanza para o viveiro

Lentamente vanse cumprindo os trámites para a apertura do viveiro de empresas que se construíu nos baixos do Edificio Multiusos de Melide. Dous anos despois da sinatura do convenio entre a Cámara de Comercio de Compostela e o Concello para a súa posta en marcha, o goberno local acaba de aprobar a ordenanza que regulará o seu funcionamento. A norma establece que haberá unha comisión para seleccionar as empresas de nova creación que poderán usar as instalacións. Estará integrado pola alcaldesa, o concelleiro de emprego, un axente de emprego, un representante de Asetem e un funcionario/a do Concello.

## Convenio coa EFA Piñeirál

Asetem e a Federación EFA Galicia comparten dende a súa fundación un obxectivo común: poñer en marcha iniciativas para o desenvolvemento do territorio, no ámbito profesional a primeira e no formativo a segunda.

Agora ámbalas dúas entidades suman forzas a través da sinatura dun convenio de colaboración polo que o alumnado do centro da EFA en Arzúa poderá facer prácticas en negocios asociados á patronal. Tal e como recolle o acordo, Asetem “colaborará na mellora profesional dos participantes e na realización de prácticas profesionais non laborais no marco das actuacións de servizos sociais comunitarios que desenvolve a EFA”.

## Electrosan celebra o seu quinto aniversario regalando un televisor



Electrosan, establecemento asociado a Asetem con sede na rúa Martagona e dedicado á venda de electrodomésticos e mobles, cumpre cinco anos. Os seus xerentes, Mary e Manuel, quixeron celebrar e compartir tan simbólico aniversario con toda a clientela e “en mostra de agradecemento pola boa acollida que tivo a tenda” sortearon un televisor LG de 32 polgadas valorado en 299 €. O medio escollido foi o concurso de Radio Melide no que cada mes participa un comercio da vila facéndolle preguntas aos oíntes. Entre as máis de 220 respostas acertadas finalmente a ganadora resultou ser Montse López. Recolleu o premio a súa irmá.

## Profesionais de albergues do Camiño fórmanse no uso das redes sociais



Alumnado da xornada formativa impartida en Asetem polo Centro Superior de Hostalería de Galicia

O salón de actos de Asetem acolleu unha xornada formativa organizada pola Escola de Turismo Itinerante do Centro Superior de Hostalería de Galicia na que unha vintena de profesionais de albergues do Camiño aprenderon conceptos clave sobre o uso das redes sociais como instrumento para promocionar o negocio.

En concreto, abordouse a necesidade de escoller diferentes redes en función da localización dos clientes potenciais e falouse sobre como afrontar as solicitudes de información e como responder aos comentarios positivos e negativos dos internautas. Ademais de Melide a Escola de Turismo Itinerante estivo tamén en Sarria

formando a persoal dos albergues. Non obstante, neste caso o curso centrouse na atención presencial ao peregrino e afondou na necesidade de que os profesionais poñan especial interese en coñecer ao cliente e en saber as necesidades que ten para poder elaborar unha carta de servizos e ofrecer unha información completa.

*Peluqueros*

# Peño

Tfno.: 981 50 61 81  
Ronda de Pontevedra, 59 Baixo  
15800 MELIDE (A Coruña)



**-15%** PRECIO ESPECIAL EN TODOS LOS PROYECTOS QUE INCLUYAN ESTA CUNA CONVERTIBLE

**CUNA CONVERTIBLE:** [Tu hij@ crece y las necesidades cambian]  
Cuna de 140x70 con cambiador lateral convertible en cama de 90x180 con mesita y mesa estudio.  
En pared: Papel decorativo con dibujo, 4 cuadros con autorretratos.  
En suelo: Tarima flotante de 8mm, modelo roble gaia alpine.  
Composición: Cuna convertible-compacta de 190x90 con cama extraíble, tiradores modelo visión.  
Para cuna; colchoneta de 14 cm y para cama; colchón modelo maxi ortopédico 90x180.  
Armario de 80cm, puertas irregulares y dos contenedores, tirador modelo círculo.



Desarrollamos proyectos de interiorismo, diseño, amueblamiento y de asesoría para la decoración en general.

Dependiendo del alcance del encargo, LumaR puede ofrecerle la colaboración de otros profesionales de diversos sectores de total confianza.

Para el desarrollo del proyecto contamos con un amplio catálogo y muestrario de muebles modernos y clásicos, así como todo tipo de accesorios y complementos, diseñamos interiores de armarios empotrados, vestidores y muebles auxiliares, contamos con productos de marcas contrastadas en el mercado que cubren las necesidades y expectativas de nuestros clientes y de sus posibles áreas de amueblamiento.

**Ambientamos dormitorios;**

Composiciones modernas y clásicas, matrimonio y juvenil, cunas y cunas convertibles, armarios empotrados, vestidores, colchones y almohadas, ropa de cama, alfombras y cuadros.

Catálogo y muestrarios de tarimas, tarimas flotantes, puertas, persianas, cortinas, papel para pared ...

**Ambientamos cocinas y baños;**

Acabados modernos y clásicos, en madera, en mel lacado, en poli laminado y en serigrafía. Catálogo y muestrarios, puertas, encimeras, persianas, cortinas...

**Ambientamos salones y otras zonas de amueblamiento;**

Composiciones modernas. Catálogo de sofás, 3+2, chaiselong, butacas, muebles sencillos y modernos, mesas de centro, estanterías y librerías, muebles auxiliares.

Catálogo y muestrario de tarimas, tarimas flotantes, alfombras, puertas...

**-20%** PRECIO ESPECIAL EN TODOS LOS COLCHONES QUE SE INCLUYAN EN UN PROYECTO

**¡¡DURANTE TODO EL MES!!**

**Esperámoste en Melide**

- Ronda de Pontevedra nº 48.
- decoracionlumar@gmail.com
- 981 507 802 // 626 217 369
- www.facebook.com/DDILumar



## EMPRENDEDORES EN MELIDE

J. LUIS SILVA E J. LUIS RÚA, “ESTABLECIMIENTOS EL MUEBLE” (Rda. de Pontevedra, nº 2)

### Funeraria El Mueble merca parte do tanatorio de Santiso e amplía servizos

No ano 1965 Luis Castro e Elisardo Silva fundaron unha empresa de fabricación de mobles que decidiron bautizar cos seus respectivos apelidos. En 1968 incorporaron ao negocio a actividade funeraria e agora, 48 anos máis tarde e baixo o nome de Establecimientos El Mueble (adoptado en 1990), a empresa expande o seu negocio e inicia unha nova etapa.

Lonxe de ser un proxecto futuro é xa unha realidade presente dende hai pouco máis de dous meses, cando Establecimientos El Mueble mercou parte do tanatorio de Santiso co obxectivo de “prestarlle un servizo de maior calidade á clientela”. Ese foi o principal motivo do paso adiante desta empresa, segundo explican os seus actuais xerentes, José Luis

Silva e José Luis Rúa, segunda xeración á fronte do negocio: “antes os veciños de Santiso tiñan que desprazarse a Melide cando lles morría un familiar, agora tendo un tanatorio no concello resultaralles máis cómodo velar aos seus defuntos”.

O inmoible, construído recentemente no lugar de Arce-diago, xa pasou a denominarse “Tanatorio El Mueble y Valiño Mosteiro”, froito da alianza da funeraria melidá coa de Sobrado dos Monxes. “Nos tempos que corren as fusións son boas e hai que intentar facerse un pouco grandes porque senón acabamos morrendo todos”, aseguran os responsables da empresa, “deberían unirse incluso funerarias de máis vilas a un nivel superior para poder ser realmente competitivos”.

Tras este investimento Establecimientos El Mueble ten presenza por igual en Melide e Santiso, a onde estende a súa ampla gama prestacións agora xa baixo o nome de “Servicios Funerarios El Mueble y Valiño Mosteiro”. Estes inclúen, alén dos propiamente funerarios, incineracións, traslados nacionais e internacionais, exhumacións, retirada de restos, flores, lápidas e gravacións.

Ademais, a funeraria realiza os servizos de calquera compañía aseguradora, mantendo todos os dereitos adquiridos con ela polo tomador. Tamén se encarga de xestionar todos os trámites necesarios tralo deceso, dende baixas na seguridade social ata pensións de viuvez ou orfandade.

No exercicio do seu traba-



llo “Servicios Funerarios El Mueble y Valiño Mosteiro” mantén sempre unha mesma máxima; a de ofrecer unha atención integral e transmitirle ás familias a sensación de tranquilidade que dá saber “que non teñen que preocuparse por nada e que estamos as 24 horas para atender calquera necesidade que teñan”.

Profesionalidade e delicadeza son os dous aspectos claves no exercicio desta actividade empresarial, segundo afirman José Luis Rúa e José Luis Silva: “hai que traballar con moito tacto porque mesmo unha palabra que nun contexto normal resulta inofensiva pode facer moito dano nos momentos difíciles”.

#### TELÉFONOS MELIDE:

981 505 089  
659 450 080  
609 468 900

#### TELÉFONOS SOBRADO:

981 787 654  
636 982 218  
629 110 489

*Máis de 40 anos  
de experiencia  
e profesionalidade*

*Grazas pola  
confianza  
depositada en nós*







2<sup>as</sup>  
gafas  
**GRATIS**

al comprar tus  
mó progresivas  
**alta gama**

**197**€

PVP recomendado. Hasta el 30/6/2016 por la compra de unas gafas graduadas (montura, mó + lentes) por 197€ con lentes graduadas progresivas orgánicas antirreflejantes Bestlayr Multigold 1.5 AR (límite de graduación sujeto al cuadro de fabricación del proveedor. Consulta en tu establecimiento). Llévate unas segundas gafas gratis mó con la misma graduación que la primera y lentes Bestlayr Multigold 1.5 AR. Válido para una selección de monturas mó señaladas en el establecimiento que lo publicite. No acumulable a otras ofertas o promociones.

*Ronda de A Coruña, 20  
15800 Melide  
A Coruña*

[www.multiopticas.com](http://www.multiopticas.com)

**MULTIÓPTICAS**  
Tabora

REXCE ÓPTICA: E-15-001238  
REXCE AUDIO: E-15-001241

# MELIDE *Hai de todo*



**Floristeria MARU**  
www.floristerlamaru.es

Tel. 981 50 75 80 / 607 507 579  
floristerla.maru@gmail.com

Rúa do convento, 9 - 15800 - Melide - A Coruña



Ampla gama en mandos a distancia para parkings e portas automáticas

- REPARACIÓN DE CALZADO
- AFIADOS
- CARCASAS (CHAVES COCHE)
- DUPLICADO DE CHAVES
- TARXETAS RECEPTORAS

Tlf: 981 815 393  
meliderua@hotmail.com

Rúa do Convento, 24  
**MELIDE**



**INFOR-BYTE**

- VENDA DE EQUIPOS INFORMÁTICOS
- CENTRO DE FORMACIÓN
- DISEÑO WEB

R/ Rosaleda, 10  
MELIDE

Tlf.: 981 50 71 69  
www.infor-byte.com



**MELIDESCANSO**

R/ Galicia, 18  
981 50 71 26



**LIBRERÍA VICTORIO**

R/ Taboada Roca, 1  
Tlf.: 981 50 50 55

## Un informe da UE pon en cuestión a calidade das augas na praia fluvial

O Partido Socialista de Melide fíxose eco recentemente dun informe elaborado pola Axencia Europea de Medio Ambiente que non deixa quedar en moi bo lugar a praia fluvial de Furelos. Segundo o PSOE dito estudo, que versa sobre a presenza de contaminación fecal en zonas de baño, sitúa no chanzo máis baixo a calidade das augas da área recreativa e outórgalle a cualificación de “pobre” nunha escala con catro niveis: pobre, suficiente, boa e excelente.

Este dato fixo acender as alarmas dos socialistas, que veñen denunciando reiteradamente a existencia en diferentes puntos da rede de saneamento de vertidos que acaban chegando ao Furelos. O último deles producíase en decembro de 2014 na estación de bombeo situada a carón do instituto.

Non obstante, o informe da UE contrasta cos datos derivados das análises realizadas pola Xunta de Galicia, quen cualifica como “boa” a calidade das augas nesa zona. Ante esa contradición e o inminente inicio da tempada estival, os socialistas presentaron unha moción en pleno para instar á Xunta a que dese

explicacións e tomase “as medidas correctoras precisas para garantir un bo uso da zona de baño”.

Dita moción foi rexeitada

**Dalia García:**  
*“seríamos uns inconscientes se abrísemos a zona ao baño sen ter autorización”*

polos votos en contra do PP, que por boca da alcaldesa, Dalia García, acusou ao PSOE de “alarmar á poboación” e “querer facer un bulo de algo que non existe”. A rexedora argumentou que sería “unha

irresponsabilidade” abrir a zona ao baño sen a autorización pertinente e insistiu en que o executivo actúa en todo momento seguindo as indicacións da Dirección Xeral de Saúde Pública e de acordo coa normativa autonómica, “que é pola que temos que rexernos”, dixo.

Dalia García asegurou que a Xunta analiza ata oito veces as augas durante a tempada estival para autorizar ou non o baño. Segundo explicou, e de acordo con esas análises, a calidade da auga en 2014 e 2015 foi “boa” e “suficiente” respectivamente. A isto engadiu que nas últimas medicións, realizadas o 26 de maio, “o río Furelos presentaba valores microbiolóxicos totalmente normais e equiparables a outros ríos de Galicia”.



A Xunta obriga a informar aos bañistas sobre a calidade das augas

## A Xunta arranxará o pavimento de oito vivendas de protección



As vivendas teñen deficiencias nas cubertas e nas fachadas

As protestas de 20 familias residentes nos pisos de protección oficial da segunda fase pola progresiva deterioración das súas vivendas tan só 8 anos despois de seren construídas comezan a dar os seus froitos. A Consellería de Infraestruturas, a través do Instituto Galego da Vivenda e do Solo (IGVS), anunciou que investirá 13.000 euros na súa mellora.

As actuacións consistirán na substitución de pavimentos en oito desas vivendas, así como os zócalos correspondentes e as cubrexuntas. As obras terán unha duración de trinta días e o seu comezo está previsto para este mes de xuño, aínda que polo de agora os veciños non recibiron ningunha notificación sobre a data de inicio.

Por outra banda o IGVS está a redactar dous proxectos para continuar coas me-

lloras nunha fase posterior e actuar tanto sobre a fachada como nas cubertas de cara a incrementar a eficiencia enerxética dos edificios “polo menos nun 20%”.

### Saneamento no Rañado

A das vivendas de protección non será a única actuación que fará a Xunta de Galicia en Melide no curto prazo, pois a Consellería de Medio Ambiente vén de confirmar que colaborará co Concello na mellora do saneamento na zona do Rañado. Augas de Galicia encargarse de redactar o proxecto, ao que se destinará un orzamento de case 165.000 euros.

En materia educativa realízanse obras no verán en todos os centros educativos da vila. Consistirán en mellorar as cubertas do IES e dos CEIP nº 1 e nº 2. No nº 3 substituiranse metacrilatos.

## BREVES

### Centro de Saúde

O novo centro de saúde de Melide vai por fin camiño de ser unha realidade. O Sergas sacou a concurso público o servizo para redactar o proxecto de construción e execución do novo ambulatorio. O importe é de 68.849 € e o prazo de execución de dous meses. Na actualidade, o Sergas ten elaborado un plan funcional no que se recolle a previsión dos espazos máis importantes que terá a instalación. Así, o centro disporá de cinco consultas de medicina xeral, outras cinco de enfermería, unha consulta de matronas, unha sala de educación maternal, unha consulta de farmacia, dúas de odontoloxía, unha sala de fisioterapia, unha sala de extraccións e dúas salas polivalentes.

### Descenden os delitos

O subdelegado do goberno na provincia da Coruña, Jorge Atán, desprazouse o día 25 de maio a Melide para presidir xunto coa alcaldesa, Dalia García, a reunión da xunta local de seguridade, reunida en sesión ordinaria. O encontro serviu para analizar a evolución da seguridade cidadá no Concello. Os datos proporcionados pola Garda Civil constatan que os índices de delincuencia do municipio están por debaixo da media provincial. Ademais, e de acordo coa comparativa entre os datos dos catro primeiros meses de 2016 e os obtidos no mesmo período de 2015, as infraccións penais cometidas no termo municipal descendieron preto dun 7%.

### Medalla a Charamela

A Asociación Cultural Charamela será a entidade galardoada este ano coa Medalla de Ouro de Melide, unha distinción que se lle entrega “a aquelas persoas e institucións melidás que polo labor desenvolto en calquera das facetas da actividade humana son merecedoras do recoñecemento da vila”. Así o explicou a concelleira de Cultura, Dolores Gómez, no momento de facer a proposta ante a corporación municipal, que aprobou a condecoración por unanimidade. A edil destacou ademais a “traxectoria e encomiable labor a prol da cultura” que fixo Charamela dende a súa fundación. A imposición da medalla realizarase o 29 de xuño, día de San Pedro, ás 12:00 no salón de plenos.

## A gala solidaria do Combo recadou máis de 12,5 toneladas de alimentos

“Sentímonos moi orgullosos desta gala porque sempre trae boas novas”, comentaba a alcaldesa de Melide, Dalia García, poucos días antes de que a vila acollese un ano máis a Gala Solidaria do Combo Dominicano. O prognóstico, malia ser acertado, quedouse curto: as novas foron excelentes e a terceira edición deste evento, organizado pola Asociación de Hostalería “Melide Móvese” en colaboración co Concello, conseguiu reunir a 3.500 persoas o 3 de xuño no Pazo de Congressos e recadar 12,5 toneladas de alimentos non perecedoiros para familias necesitadas, unha tonelada e media máis do que se xuntou o ano pasado.

Rematada con éxito a gala, agora é cando comeza o traballo desa outra parte implicada neste proxecto solidario: Cáritas parroquial de Melide, que será a entidade encargada de repartir a metade dos alimen-



A organización recolle alimentos á entrada do concerto solidario

tos recollidos entre aproximadamente 40 familias do concello con necesidades. A outra metade será distribuída pola Fundación Amigos de Galicia.

Dende a ONG melidense destacan a importancia do evento “non só por recadar alimentos, senón por fomentar a solidariedade entre a xente nova, que ao mellor non é real-

mente consciente do que está pasando”. Estiman que os produtos doados pola poboación alcanzarán ata o mes de decembro. A isto súmanselle os 1.770 euros que Cáritas Melide recadou o domingo de Corpus nas tres mesas instaladas na vila. Neste caso os cartos irán destinados a pagar facturas en situacións de urxencia.

## Aprendendo a ser solidari@s: libros por alimentos no Nº 3

A solidariedade tamén se aprende. Saber empatizar cos demais, poñerse na situación do que precisa axuda e ser capaz de prestarlla é unha lección de vida que non aparece nos libros pero que cómpre aprender. Nesa materia o alumnado do colexio Mestre Pastor Barral leva matrícula de honra, a cualificación que merece despois do éxito

acadado coa campaña solidaria que puxo en marcha o centro, na que se cambiaron libros por alimentos para as familias necesitadas da vila.


Conseguíronche encher sete caixas con produtos non perecedoiros e de aseo persoal. Ademais, tamén se fixo un bo labor cos libros que sobraron, pois foron parar á biblioteca que aos poucos está montando o Centro Social.



## Someten a investigación o estado de saúde das troitas do Furelos

O 13,6% das troitas que habitan as augas do río Furelos son portadoras dun parásito denominado cryptosporidium que se asocia á contaminación procedente das granxas de gando bovino. Esta é unha das principais conclusións ás que chegou o Departamento de Microbioloxía da Universidade de Santiago tras investigar 191 exemplares.

Nesta investigación, que ten por obxectivo analizar a situación na que se atopa a poboación de troitas neste río, foi imprescindible a colaboración da Asociación de Troiteiros “Río Furelos”, que participou no primeiro chanzo do estudo realizando as captura, segundo as pautas descritas polos científicos, para a súa posterior análise. Dito estudo deixou sobre a mesa a necesidade de seguir investigando para determinar se as troitas sofren no seu ciclo vital as consecuencias da presenza dos parásitos ou simplemente son portadoras.



## A ampliación do xeriátrico leva dez meses rematada e sen ocupar



En agosto de 2105 dábanse por rematadas as obras de ampliación na residencia da terceira idade de Melide que, cun investimento de 330.000 euros, permitiron engadir 36 novas prazas ás 16 existentes ata o momento. Semanas máis tarde o Consorcio Galego de Benestar anunciaba que as instalacións estarían funcionando a pleno rendemento a comezos de 2016 pero, pasado medio ano do prazo fixado e dez meses dende o remate das obras, as 18 novas habitacións seguen baleiras.

Sobre esta situación pediu explicacións o PSOE, que acusa aos gobernos populares autonómico e local de “empregar os servizos sociais con fins electoralistas”. A alcaldesa de Melide, Dalia García, sinalou ao respecto que “xa están en marcha todos os procesos administrativos”, incluída a xestión do persoal, para abrir progresivamente as prazas da residencia ao longo deste verán.

## Bandos municipais que apelan á responsabilidade

Coa chegada do verán e as altas temperaturas o Concello de Melide insta á veciñanza a colaborar para que os contedores de lixo non se convertan en focos insalubres e con malos cheiros. Con ese obxectivo a concellería de Medio Ambiente publicou un bando no que recorda a obriga de tirar o lixo en bolsas debidamente pechadas e sempre a partir das 8 da tarde. Do mesmo xeito lémbrales aos propietarios de parcelas próximas a vivendas que deben mantelas libres de maleza para evitar incendios. O incumprimento desta norma conleva sanción económica. Ademais, serán os propietarios dos terreos os que teñan que asumir o custo dos traballos de limpeza en caso de que sexa o Concello quen os realice.

## A Banda de Visantoña déixase levar

Sortea unha actuación gratuíta en calquera punto de Galicia

Leva a Banda a onde ti queiras. Así, tal e como soa, sen voltas de ningunha clase. No 2017 haberá unha persoa afortunada que poderá gozar dunha actuación gratuíta da Banda de Visantoña na data e no lugar que desexe, sen preocuparse de nada máis ca de escoitar boa música.

Así é a última iniciativa posta en marcha pola Asociación Cultural Banda-Escola de Música de Visantoña, que baixo o lema *Leva a Banda a onde ti queiras* sortea un concerto de 45 minutos a realizar en calquera punto da xeografía galega. O privilexio de ter á súa disposición unha das agrupacións musicais máis antigas de Galicia terao o portador ou portadora da papeleta cuxo número coincida coas tres últimas cifras do primeiro premio da Lotería Nacional do Neno, sorteo que se celebrará o 6 de xaneiro de 2017. As rifas xa están á venda no Mesón Visantoña e no Bar Lareira. En Melide pódense atopar nos restaurantes Ribeira Sacra e Toxo.



A banda de Visantoña en 2014 no concerto do Día do Socio

### Agasallo de aniversario

Con esta orixinal idea, inspirada nunha iniciativa similar que se realizou con moi boa acollida en Antas de Ulla, a Banda de Visantoña pretende dar a coñecer a súa música en lugares “nos que normalmente non actuamos”, explica Fernando Camino, presidente da asociación.

Ademais o sorteo servirá tamén como “nova fonte de financiamento” para sufragar os

gastos da asociación e da súa xoia máis prezada: a escola de música Eugenio Pazos Reyes, na que se forman 30 alumnos e que nutre de músicos a banda, integrada na actualidade por 32 persoas.

Mais, por enriba de todo iso, *Leva a Banda a onde ti queiras* xurdiu coa idea de “facer un bo regalo” en coincidencia cunha data moi especial: en 2017 cúmprense 140 anos da fundación da Banda de Visantoña.

## Concerto de risas para escoller o mellor chiste do ano

Non todo vai ser ensaiar e tocar instrumentos. Tamén é importante botar de vez en cando unhas risas e diso tiveron dabondo recentemente os músicos da Banda de Visantoña, que foi elixida para participar como xurado nun concurso de chistes que emitirá a TVG.

O mellor chiste do ano, como se chama este programa que aínda se atopa en fase de produción, está a percorrer Galicia para gravar máis de 1.000 chistes populares contados por cidadáns anónimos no seu ámbito natural (casa, traballo, bar, aldea...) e rodeados polo seu eido social habitual (familia, amigos, veciños, compañeiros...). En total serán 150 concursantes cuxos chistes serán valorados por xurados do máis particular: familias, grupos de amigo ou, neste caso, os músicos dunha banda como a de Visantoña.

Un equipo de Pórtico Audiovisuales, a empresa produtora do programa, desprazouse o 13 de maio ata Santiso



Membros da banda durante a gravación do programa

para gravar nos propios locais de ensaio da agrupación. Como membros do xurado participaron 10 músicos maiores de 14 anos que estiveron acompañados por todos os cativos e cativas da escola de música. A mestura de todos os ingredientes fixo da xornada de gravación un día para o recordo: “foron catro horas que pasaron moi rápidas polos bos momentos que compartimos”, comenta o presidente da aso-

ciación cultural que dá soporte á banda, Fernando Camino, “a produtora quedou encantada polo ben que saíu a gravación e moi agradecida pola acollida dos veciños e músicos de Visantoña”.

Malia seren xurado, Fernando Camino confesa que “algún chiste tivemos que contar”, unha tarefa para a que contaron coa colaboración de Suso de Ximonde, veciño de Balocás.

## Deixan en mans do TSXG a elección da nova xuíza de paz

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) será o encargado de elixir a persoa que desempeñará as funcións de xuíza de paz no Concello de Toques durante os próximos catro anos logo de que a corporación non fose quen de chegar a un acordo de designación.

O equipo de goberno (BNG-PSOE) propuxo unha candidata de entre as catro persoas que se presentaron para ocupar o posto baseándose “en criterios obxectivos” e “valorando especialmente a formación e a dispoñibilidade”, dous dos requisitos que segundo un informe previo elaborado pola secretaria do Xulgado de Paz debería de cumprir a nova titular. Non obstante, dita candidata non conseguiu na votación secreta realizada en pleno a maioría absoluta do número legal de membros da corporación (9), un requisito imprescindible para que a designación sexa efectiva. Obtivo 4 votos fronte aos 2 da segunda clasificada e ao único voto da terceira. Dous concelleiros estaban ausentes e non puideron votar.

## Comeza o inventariado de bens municipais de Toques

Toques é un dos 13 concellos da provincia incluídos na quinta fase do inventario de bens municipais que elabora a Deputación da Coruña e que acaba de adxudicar por importe de 148.000 euros.

Ao igual que se fixo con anterioridade noutros 52 concellos da provincia, en Toques serán inventariados os bens mobles e inmobles, edificios de carácter histórico e artístico, vehículos municipais, créditos e dereitos de carácter persoal da corporación, servizos de iluminación, abastecemento de auga, saneamento, infraestruturas e camiños de titularidade municipal. Ademais, sinaláranse as anomalías e carencias detectadas, como a falta de inscrición rexistral ou a existencia de bens nos que propiedade municipal non estea claramente acreditada. Unha vez que se remate o inventario, o concello de Toques asumirá a responsabilidade de actualizalo periodicamente. Melide e Santiso xa contan con inventario de bens dende os anos 2008 e 2013 respectivamente.

## Toques: campamentos de verán

Continúa aberto o prazo de pre-inscrición en Toques para participar nos campamentos de verán dirixidos a nenos e nenas entre 4 e 12 anos que poñerá en marcha o Concello dende o 27 de xuño ao 29 de xullo. O período de matrícula, que se poderá formalizar nas oficinas municipais, abrirá o día 20 do presente mes, cun prezo de 30 euros por neno/a inscrito. Hai un número máximo de 30 prazas. En caso de que a demanda sexa superior á oferta, terán prioridade os cativos empadroados en Toques. Por outra banda, tamén está aberto o prazo para apuntarse a unha **excursión** de dous días (21 e 22 de xuño) á costa de Ortegal, facendo noite en Cariño. O prezo é de 40 euros por persoa.

## CLAUSURA DAS ESCOLAS DEPORTIVAS

O tempo non nos advirte da chegada do verán, pero a fin das escolas deportivas si. Todos os concellos da comarca deron por rematadas as actividades do curso 2015/2016 con festas e galas de exhibición nas que se deu conta de todo o aprendido.

O día 27 de maio foi a quenda de Toques, que celebrou un festival lúdico no pavillón de Souto onde os karatekas expuxeron as súas catas e kumites, o alumnado de tenis os seus golpes de drive e revés e os grupos de patinaxe representaron varias coreografías. A actuación de peche foi para os maiores da ximnasia de mantemento, que realizaron un baile ao son da música de Raffaella Carra. Tal foi o éxito que o público presente nas bancadas pediu unha repetición. Tralas exhibicións houbo tempo para unha merenda popular e para a maxia.

Tamén Santiso puxo fin ás actividades deportivas e culturais o pasado 31 de maio cunha xornada de xogos populares e de habilidade na que participaron arredor de 70 persoas entre o alumnado do CEIP



Santiso



Toques

de Arcediago e os adultos das diferentes parroquias que participaron ao longo do ano nos talleres de memoria e de ximnasia de mantemento.

## MARÍA BARREIRO CUMPRE 103 ANOS

Melide acumula fama por ser terra de centenarios e un dos seus mellores expoñentes é María Barreiro, unha veciña da parroquia de Maceda que acaba de cumprir 103 anos. Con tal motivo recibiu a visita da Conselleira do Medio Rural, Ánxeles Vázquez, da que foi veciña cando esta era unha nena. Aos seus 103 anos María Barreiro está chea de vitalidade e non perdeu a ocasión de participar na Festa da 3ª Idade, onde foi agasallada polo goberno local e mesmo tivo unhas palabras de agradecemento para os asistentes.



## RUTA AO GALOPE COS CABALEIROS DO BOCELO



Turismo Melide



Turismo Melide

## Festas da 3ª idade na comarca Homenaxe aos nosos maiores

### TOQUES

Ao xantar de confraternidade dos maiores de Toques acudiron preto de 400 persoas. Sorteouse unha cesta entre os asistentes, agasallos e houbo baile a cargo do dúo Son Latino.



### SANTISO

O 4 de xuño, coincidindo coa celebración de Toques, o Concello de Santiso homenaxeou tamén á terceira idade. Ademais do xantar entregáronse varias placas de recoñecemento.



### MELIDE

En Melide asistiron 800 persoas á comida da 3ª idade. A xornada comezou ás 13:00 cunha misa e rematou con música ás 20:30. Estivo dedicada ás persoas con máis de 100 anos.



## Tu Bouyik

- Ropa de caballero
- Prendas de punto para mujer
- Especialistas en ropa de cerimonia
- Trajes de novio



Ronda de Pontevedra, 61  
15800 Melide (A Coruña)  
Telf. 881 956 394



**Plagostel**  
R.R.S. (0177-GAL-SP0)  
calidad e higiene alimentaria  
www.plagostel.com  
986 118 714

HOTELES  
ALBERGUES  
CASAS RURALES  
GIMNASIOS  
BALNEARIOS  
...

¿Necesitas cumplir con el Real Decreto 865/2003 por el cual se establecen criterios higiénico-sanitarios para la prevención y control de la Legionelosis?



AGACPRA  
Asociación Galega de Empresas de Control de Fregos

## intres FOTOGRAFÍA

"Se sabes agardar, a xente esquecerase da túa cámara e entón a súa alma saíra á luz"  
Steve McBurry

www.intresfoto.es  
Tif. 668 663 898 / 881 974 284  
Avenida de Toques, 2



# AVOGADOS

**Ana Pernas Vilasuso**  
C. 1678

**Miguel Fernández López**  
C. 711

# HERDANZAS

R/ Luis Seoane, 2 - 2º  
Tif.: 981 506 455 - 661 580 004

# MELIDE



## RESTAURANTE Sony 25 aniversario

Ctra. Santiago, s/n  
MELIDE (A Coruña) Tfno.: 981 505 473

### Menús especiales

<p style="text-align: center;"><b>o p c i o n 1</b></p> <p>Variado de mariscos <b>Salpicón Almejas Navajas Langostinos</b> precio <b>35€</b></p> <p>Chuletón trinchado, entrecot, rape, lubina o merluza. Rioja, Albariño, agua, cerveza o refrescos. Postre, café y chupito.</p>	<p style="text-align: center;"><b>o p c i o n 2</b></p> <p>Variado de <b>Langostinos Pimientos de Padrón Empanada</b> precio <b>16€</b></p> <p>Churrasco mixto (Ternera, cerdo y criollo) o merluza. Vino, agua, cerveza, refrescos. Postre y café.</p>
<p style="text-align: center;"><b>o p c i o n 3</b></p> <p>Salpicón de marisco. Langostinos. precio <b>20€</b></p> <p>Churrasco mixto o merluza. Albariño, Rioja, agua, cerveza o refrescos. Postre y café</p>	<p style="text-align: center;"><b>o p c i o n 4</b></p> <p>Variado de <b>Salpicón Navajas Zamburiñas</b> precio <b>30€</b></p> <p>Chuleta de ternera, churrasco, entrecot, merluza o rape. Ribeiro, Rioja, agua, cerveza o refrescos. Postre, café y chupito.</p>

*oferta especial*

**HABITACIÓN + CENA + DESAYUNO 30€**

[www.restaurantesony.com](http://www.restaurantesony.com) | [sony@restaurantesony.com](mailto:sony@restaurantesony.com)

Ronda Pontevedra, 46 - Melide  
981 06 86 09      672 47 55 80

## Sandra Abad

### CENTRO DE FISIOTERAPIA

**ESPECIALIDADES**

TERAPIA MANUAL, OSTEOPATIA,  
FISIOTERAPIA, CRANEO-MANDIBULAR,  
REHABILITACIÓN + PUNCIÓN SECA + PILATES TERAPEUTICO

**TRATAMIENTOS**

LESIONS DEPORTIVAS + ACCIDENTES DE TRAFICO  
MASOTERAPIA + CINESITERAPIA  
CRIOTERAPIA/TERMOTERAPIA + ELECTROTHERAPIA  
ENFERMIDADES TRAUMATOLOXICAS,  
NEUROLOXICAS E REUMATOLOXICAS  
ENFERMIDADES CRONICAS (FIBROMIALXIA)

Sandra Abad Garcia - N°Colegiada 2308  
[www.fisioterapiasandraabad.es](http://www.fisioterapiasandraabad.es)





## Talento melidense para a terceira ópera en galego da historia

Fernando V. Arias (compositor) e Xoán Pérez (libretista) ultiman a estrea de “A Raíña Lupa” no Teatro Colón



Debuxo de Manuel Rajal para o Acto III da ópera. Teodoro e Atanasio, discípulos do Apóstolo, vencen ao dragón só con amosar a cruz



Fernando Vázquez Arias



Xoán Pérez

A cidade da Coruña vivirá o vindeiro 2 de xullo un acontecemento chamado a entrar nos anais da música: a estrea dunha ópera escrita enteira-mente en lingua galega. Levará por título “A Raíña Lupa” e representárase sobre as táboas do Teatro Colón a partir das 20:00 horas. Detrás deste drama musical que escribirá unha páxina da historia (a día de hoxe só existen dúas óperas en galego) está o empeño e o arduo traballo de dous melidenses; un de nacemento e outro de adopción: Fernando Vázquez Arias, compositor sobradamente coñecido no panorama nacional, e Xoán Pérez, libretista da obra e home vinculado ao mundo da cultura que desenvolveu a súa carreira maiormente no mundo dos monicreques.

A ópera é o froito dunha desas boas casualidades do destino que fixo que se cruzasen os camiños de Xoán Pérez e Vázquez Arias, quen non lograba atopar o libretista que lle puxese texto á esa súa idea longamente perseguida e case convertida en teima de musicar a lenda da Raíña Lupa. “Atopou comigo e preguntoume se coñecía algún dramaturgo que puidera facelo”, comenta Xoán, “díxenllo a

varias persoas pero non atopei a ninguén, así que asumín que debía ser eu”. Acostumado a contar historias, pero máis ben para nenos e postas na boca de monicreques, Xoán Pérez precisou o tempo xusto para investigar tanto os personaxes como a propia lenda recollida no Códice Calixtino e presentar ao cabo dunha semana unha sinopse que foi do agrado de Vázquez Arias. Foi así como comezou a tomar vida este traballo sobre a Raíña Lupa que axiña será unha realidade.

### Na busca das palabras

Con todo, a ópera non lle é allea a Xoán Pérez, un home que di “sobrevivir” no mundo artístico, no que comezou en 1994 participando como aficionado nunha obra de teatro para marionetas na que representaba o papel de Sancho Panza. Define a música como “unha droga” e declárase aficionado da ópera “dende que teño uso de razón”. De feito, antes de implicarse de cheo na Raíña Lupa estaba a preparar unha versión de Rigoletto para monicreques, proxecto no que leva traballando dez anos. A súa relación coa música tamén é aditiva: “comecei con clases de castañolas e logo viñeron

un detrás doutro o resto de instrumentos”. Violín, acordeón e viola; cuxo estudo completou no Conservatorio de Melide.

Ese coñecemento musical foi de grande utilidade á hora de escribir, un proceso que non dubida en definir como “un reto, un compromiso e un pracer”. Máis ca un exercicio de adaptación foi un traballo de creación: “gocei moito elaborando unha nova historia que puidera encaixar dentro do que conta o Códice Calixtino e que unificara as versións contraditorias que existen sobre o mito da Raíña Lupa”. Foi doado reflectir o carácter dos personaxes, definido pola propia estrutura clásica do relato dramático; con antecedentes, conflito e resolución. Máis difícil foi encaixar as rimas, que nunca condicionaron o sentido do texto nin a carga informativa que se quería transmitir.

### Un desexo feito realidade

A escrita tivo que adaptarse á parte musical, responsabilidade exclusiva de Fernando Vázquez Arias, quen “xa tiña dende había moito tempo as súas ideas e os seus ritmos na cabeza”, explica o libretista. Concretamente dende había

### “INÉS E BRIANCA”, “O MARISCAL” E AGORA “A RAÍÑA LUPA”

“A Raíña Lupa” chega para cubrir un oco e remediar un déficit. Ata o momento presente só podemos contar dúas óperas en galego. A primeira levou por título “Inés e Brianca” e foi composta en lingua italiana polo galego Marcial de Adalid entre 1876 e 1878, máis infelizmente quedou incompleta. Ambientada nas guerras irmandiñas, volveuse recuperar e no 2011 foi reconstruída.

Anos máis tarde apareceu “O mariscal”, a que en realidade se considera primeira ópera galega. Conta a condena a morte do mariscal Pardo de Cela polos Reis Católicos, o ocaso do Reino de Galicia e a desesperación dunha familia e de todo un pobo. A obra, con música de Eduardo Rodríguez Losada, texto de Ramón Cabanillas e dramaturxia de Antón Vilar Ponte, estreouse en Vigo no ano 1929, no desaparecido Cine Tamberlick.

Agora, oitenta e sete anos despois, chega “A Raíña Lupa”, baseada na lenda sobre un dos personaxes máis populares e enigmáticos da tradición xacobeá.



Debuxo de Manuel Rajal para o Acto II da ópera. Un raio enviado polo Apóstolo parte en dous unha ponte e permite que os seus discípulos escapen dos soldados de Régulo

15 anos, cando, ao tempo que dirixía en Compostela a Xove Orquestra Sinfónica de Galicia, lle xurdiu a idea desta ópera sobre a lenda da Raíña Lupa. Comezou a escribir a música no mes de xullo de 2013 e a finais de marzo de 2014 estaba rematada a partitura nunha versión para voz e piano. Unha vez finalizada a ópera comezou a gran tarefa da instrumentación para orquestra sinfónica, un proceso que rematou a finais de xaneiro deste ano.

O resultado é, segundo define Xoán Pérez, unha ópera “cun son moi wagneriano e que vai incluír moitos elementos visuais”. Refírese, en concreto, aos debuxos feitos para a ocasión polo artista plástico Manuel Rajal, nos que se recrean escenas clave da historia que serán proxectadas nunha gran pantalla.

“A Raíña Lupa” contará cun elenco de luxo no que a voces se refire, entre as que destaca a da soprano Alba López, outra cara coñecida na vila de Melide pois exerce como mestra no Conservatorio Municipal. Acompañarana as tamén sopranos Teresa Novoa e Clara Jelihovschi; a mezzo-soprano M<sup>a</sup> José Ladra; os tenores Javier Palacios e Diego Neira e os barítonos Axier Sánchez e Gabriel Alonso. Na representación tamén estará a Coral Polifónica Follas Novas.

O que verán os espectadores o vindeiro 2 de xullo será a estrea das arias, dúos, tríos, cuartetos e coros da ópera en versión concerto e con acompañamento de piano, aínda que o propósito último será levar a cabo a estrea completa, representada con todos os seus ingredientes, nun futuro próximo.

## O Noso Lar é premiado polo seu papel de dinamizador cultural en galego



A directiva de O Noso Lar, alcaldes da comarca e representantes do SNL na entrega do premio

O Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da Terra de Melide entregou, como vén sendo habitual nos últimos cinco anos cada mes de xuño, o Premio á Defensa do Idioma, co que se pretende recoñecer o traballo de organismos, entidades e persoas que contribúen a normalizar o uso do galego en diferentes ámbitos.

Nesta ocasión o galardón recaeu na asociación veciñal O Noso Lar, de Visantoña, que ao longo de case 50 anos de actividade “espallou a cultura coa única lingua que os identifica, o galego, facendo un enorme traballo sempre dende o compromiso inquebrantable co idioma”, destacaron os representantes do SNL.

Ese foi tamén un dos aspectos que puxo de relevo o alcalde de Santiso, presente no acto, quen recoñeceu a especial implicación sentimental que ten para el o recoñecemento feito a O Noso Lar por tratarse dunha asociación da súa parroquia e por ser un dos case 400 socios que forman parte da entidade. Manuel Adán fixo fincapé na traxectoria “chea de actividades e sempre ao lado da veciñanza” que desenvolveu a asociación ao longo do seu case medio século de vida: “só por iso e por manterse viva nun entorno rural merecería un premio”, dixo. Por outra banda destacou o carácter transversal das iniciativas postas en marcha,

“implicando detrás de si a toda a parroquia”, e a variedade das actividades que desenvolve: “tanto organiza un festival folk como cuida dunha ruta de sen-

### A asociación leva case medio século implicando en actividades do máis diverso á veciñanza de Visantoña

deirismo homologada ou promove manifestacións para que se arranxe unha estrada”.

#### Dinamizar en galego

Desa bagaxe prolífica deu conta Soqui Cea, representante do sector da educación no SNL, quen enumerou algunhas das principais actividades desenvolvidas pola asociación: magosto, Entroido, cabalgata de reis, Nadal cultural, Día das Letras Galegas, Día do Neno, Festa do Socio e infinidade de cursos. En definitiva, segundo definiu, un labor de “promoción da cultura e das relacións interxeneracionais, de divulgación de costumes e de dinamización da zona”.

Na súa intervención Soqui Cea non deixou de alertar sobre o descenso no número de nenos e mozos que falan galego

e dos “desprezos e ataques” que sofre a lingua propia. Nesa liña instou a “deixarmos de ser simplemente habitantes de Galicia e asumir a situación do idioma”.

#### Compromiso de tod@s

Á situación do idioma tampouco foi alleo Ángel Parrado, presidente de O Noso Lar, que animou á sociedade civil, no discurso pronunciado trala recollida do premio, a implicarse na defensa do galego: “os organismos públicos son os que teñen máis responsabilidade pero nós tamén debemos implicarnos porque a cultura dun pobo transmítese de pais a fillos. Non debemos delegar nas institucións”.

Ángel Parrado quixo facer un agradecemento “a todo o equipo directivo, que dedica moitas horas do seu tempo libre a organizar actividades”, aos socios e socias e ás persoas que fundaron a entidade na década dos 70. Ao mesmo tempo manifestou o compromiso de seguir traballando “para que a nosa fala perdure”. O presidente de O Noso Lar pechou a súa intervención con verbas de Manuel María, escritor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas: “Galicia somos nós: a xente e máis a fala, se buscas a Galicia, en ti tes que atopala”. Como fin do acto a agrupación Fol da Chousa interpretou o Himno do Antigo Reino de Galicia.

**IMPRENTA**  
**meligraf**

Tfno./fax: 981 50 62 56  
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE  
(A Coruña)  
e-mail: [meligraf@empresagalega.eu](mailto:meligraf@empresagalega.eu)

**HOTEL BALNEARIO**  
**RIO PAMBRE** ★★

SAMBREIXO - PALAS DE REI - LUGO

TELF: 982 153 232 / 982 374 135  
679 035 713 / 679 035 714

E-mail: [info@balnearioriopambre.com](mailto:info@balnearioriopambre.com)  
web: [www.balnearioriopambre.com](http://www.balnearioriopambre.com)

Anúnciate no

# Cerne

981 50 61 88

[info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

# MELIMATICA

**A TÚA TENDA DE INFORMÁTICA EN MELIDE**

Rúa Otero Pedrayo, nº 6 // Tlf.: 981 50 78 81  
[melimatica@melimatica.com](mailto:melimatica@melimatica.com)

## Máis ca deporte: Corremelide de lingua e emocións

No Corremelide hai que correr, o seu nome así o indica, pero quizais a velocidade e as marcas sexan os aspectos menos importantes desta xornada de convivencia dos escolares da comarca arredor do deporte. Unha simple visita ás rúas do casco vello ateigadas de atletas dá idea dos valores que se agochan detrás desta carreira na que o último dos clasificados cruza a liña de meta como se fose o campión, empuxado polos ánimos da multitude e polos aplausos cos que é recibido ante a gran fazaña que acaba de conseguir: simplemente rematar. Corremelide é máis ca deporte; é tamén amor pola lingua en forma de manifesto feito poema e impreso nunha folla de papel: “o galego é a nosa lingua e pode desaparecer, por ese motivo témola que protexer”.



## Máis Camiño e menos costas nunha media maratón que aspira a récord

Nas últimas semanas vimos observando como medra cada día o número de corredores que atopamos adestrando polas nosas rúas, pistas e camiños. Sen dúbida é un dos mellores indicadores do ambiente de expectación que se respira e do interese que esperta a conta atrás de “Os 21 do Camiño”, a media maratón entre Palas e Melide.

Cos seus 21 quilómetros de percorrido sobre a ruta xacobeana, esta carreira organizada pola Asociación Deportiva Cerne conseguiu converterse en moi pouco tempo nun referente a nivel nacional e chega á súa cuarta edición, que se celebrará o vindeiro 25 de xuño, cunha importante credencial baixo o brazo: ter sido elixida en 2015 a mellor media maratón de España pola páxina especializada en atletismo Runedia.

A excelencia na organiza-



Rolda de prensa de presentación de “Os 21 do camiño”

ción e a singularidade e beleza do traxecto fan a carreira moi atractiva para os corredores. De feito, o número de inscritos medrou ano tras ano e nesta edición a organización agarda acadar o tope máximo de participantes (700), superando así o récord do ano pasado, que quedou fixado en 631 atletas. Ao peche de edición deste xornal, e aínda con oito días por diante para poder anotarse, eran xa 437 os inscritos, unha cifra un 30% superior á do ano pasado nas mesmas datas, segundo o comité organizador. Entre os participantes están xa confirmados nomes como os do arzuán Lolo Penas, habitual dos podios; o marroquí Akka Essadaoui, vencedor do ano pasado, ou o da bicampioa de España de maratón, M<sup>a</sup> Jesús Gestido.

### Cambios no percorrido

Dise da meda maratón entre Palas e Melide que é tan dura como bonita. Axiña adquiriu a sonda de ter un percorrido

“rompepernas” que a organización modificou de cara á presente edición cun triplo obxectivo: facer que os atletas pasen polo núcleo urbano de Palas dúas veces, conseguir incrementar en case 2 km o total de traxecto que transcorre polo Camiño de Santiago e suavizar as partes máis duras do percorrido, evitando dúas pendentes “que o ano pasado queimaron aos corredores xa no inicio da carreira”.

Non será a única novidade desta edición, pois un dos puntos emblemáticos, a Subida do Mato, será cronometrada este ano e entregárase o premio “Galician Roots” aos tres primeiros clasificados das categorías masculina e feminina.

Os 21 do Camiño persegue máis obxectivos ca os puramente deportivos e pretende ser tamén unha embaixadora da comarca: “queremos que a xente veña a algo máis que a correr; que visite a zona, que coñeza o Camiño, que quede a durmir e que repita para o ano porque lle gustou”.

## Referentes da selección de fútbol sala formarán a adestradores en Melide

Por primeira vez na historia tres membros do equipo técnico da Selección Española de Fútbol Sala estarán xuntos baixo o mesmo teito transmitindo coñecementos e impartindo formación. Será o vindeiro 25 de xuño en Melide, no marco dunha xornada de actualización que organiza na vila a Federación Galega de Fútbol (FGF) e na que participarán arredor de 70 preparadores de toda Galicia.

Entre os relatores estarán Antonio Bores, preparador físico da Selección Española de Fútbol Sala; Fede Vidal; segundo adestrador e Mon Barreiro, adestrador de porteiros da selección nacional feminina. Acompañaralos Adrián Paz, preparador físico do Al Nasr Club, que compite na primeira división dos Emiratos Árabes.

Dita xornada será a terceira que se organice en Galicia, despois das xa realizadas nas cidades da Coruña e de Ou-



Dolores Gómez, Pablo Prieto e Dalia García

rense, pero a primeira centrada exclusivamente no fútbol sala. É por iso que para os organizadores esta cita suporá “un punto de inflexión” a partir do que tentarán “darlle pulo ao fútbol sala en Galicia, que non ten o recoñecemento que se merece”, declarou na presentación do evento Manu Fernández, presidente do comité de adestradores da FGF.

O seu colega Pablo Prieto, responsable da sección de fútbol sala da FGF, sinalou que se escolleu Melide para a celebración desta xornada “pola gran colaboración que sempre tivo co deporte base e polo alto nivel organizativo e de compromiso”. As actividades formativas desenvolveranse na Casa da Cultura e no pavillón polideportivo municipal.



A deportividade, sempre presente na media maratón

## Tres días sobre rodas con música, rutas, acrobacias e simuladores GP

Os afeccionados ao mundo das motos quantan motores na conta atrás para a celebración da concentración moteira de Melide que, organizada polo club Millí Riders, chegará á vila os días 1, 2 e 3 de xullo.

Será a cuarta edición desta cita que a medida que vai medrando incorpora novidades. Unha das principais será a presenza de simuladores de moto GP nos que, de xeito gratuito, poderán experimentar sensacións de vertixe todos os inscritos na concentración.

Non é unha novidade, senón máis ben un clásico que non podía faltar, o show acrobático de Paulo Martinho, un dos espectáculos preferidos polo público. O portugués, pioneiro do freestyle no seu país e autor dun dos maiores espectáculos motorizados do mundo a día de hoxe, estará de novo en Melide o día 2 de xullo con dous pases, un ás 18:00 e outro ás 23:30.



Os simuladores de moto GP serán unha das novidades este ano

As rutas, que farán desfilar centos de motos polas estradas da comarca, son outro clásico que non faltará. Haberá tres, unha por día, con percorrido nocturno o venres e transbordo no ferry de Visantona o domingo.

A música é outros dos ingredientes imprescindibles da concentración moteira de

Melide e terá o seu momento cume o sábado pola noite co concerto da banda de rock Burning. O venres será o cantautor Ricardo Parada quen poña música despois da churrascada de confraternidade coa que se lle dará a benvida aos moteiros. Exposicións, show lavamotos e unha paella gigante completan o cartel.

**Viernes 1 Julio 2016**

- 20:00 h: **Recepción-apertura** de inscrit@s y caña de bienvenida.
- 22:30 h: **Cena de confraternidad** (churrascada).
- 23:30 h: **Ruta nocturna**.
- 00:00 h: **Actuación RICARDO PARADA** (cantautor).

**Sábado 2 Julio 2016**

- 09:00 h: **Recepción-apertura** de inscrit@s y desayuno.
- 10:30 h: **Exposición** relacionada con el mundo del motor.
- 11:00 h: **Ruta motera**.
- 13:30 h: **Comida** (paella gigante).
- 17:00 h: **Show biker wash**.
- 18:00 h: **Show acrobático** con PAULO MARTINHO (1º pase).
- 22:00 h: **Cena de confraternidad** (pulpada).
- 23:30 h: **Show acrobático** con PAULO MARTINHO (2º pase).
- 00:30 h: **Concierto rock**

A partir de las 00:30 h. parking y zona de acampada cobiertas y vigiladas.

**Domingo 3 Julio 2016**

- 09:00 h: **Desayuno**.
- 11:30 h: **Ruta motera** (ferry).
- 13:30 h: **Comida despedida** de inscrit@s (regalos y premios).

Inscripciones. Completa: 30 €, Media: 20 €. Plazas limitadas.

## Máis de 100 persoas no fin de curso de Herba Grileira

A Escola de música e baile tradicional de Herba Grileira poñerá punto final ao curso 2015/2016 cunha gala de exhibición que terá lugar o vindeiro domingo día 19 na Casa da Cultura de Melide. Dará comezo ás 18:30 horas e durante o seu transcurso interpretaranse 26 pezas, das cales 17 serán instrumentais e 9 de baile. A gala terá unha duración aproximada de dúas horas, un tempo durante o cal pasarán polo escenario máis de cen persoas, todas elas alumnas da escola, con idades comprendidas entre os 6 e os 75 anos.



## Chega a Melide o filme sobre a traxedia de Angrois

*Frankenstein-04155*, o documental dirixido por Aitor Rei que contribuíu a reapertura do caso sobre a traxedia ferroviaria de Angrois, proxectarase en Melide grazas á iniciativa da área de Cultura da Deputación. O filme, que recibiu o premio do público en Cineuropa e unha mención especial na Seminci, ten como punto de partida a existencia de máis causas no descarrilamento do tren Alvia cá simple responsabilidade do maquinista e descobre datos ata agora ocultos. Proxectarase nunha data por definir de xuño ou xullo.



## A feira de cans cuadruplicou o número de exemplares

A segunda edición da Feira de Cans de Caza que acolleu a vila de Melide o pasado 22 de maio pechou cun balance máis ca positivo pois, segundo a organización, houbo preto de 1.200 exemplares na exposición, o que significa que se cuadruplicou o número de cans presentes con respecto á edición de 2015.

Este incremento da afluencia traducíuse loxicamente nunha maior variedade de razas e morfloxías. Houbo cans de rastro, de caza maior e menor e de xabaril procedentes das catro provincias galegas e do norte de España. Os mellores exemplares foron premiados.

Este ano a gastronomía ocupou un lugar importante de man da masterclass sobre carne de caza que impartiu o chef Héctor López, membro do Grupo Nove. Houbo tamén degustacións gratuítas a base de carne de xabaril para o público congregado no recinto.





Fotos: Turismo Melide

**II MERCADO DE EPOCA** Melide no 1900 (Furelos)

17, 18 e 19 de Xuño

Artesanía · Alimentación · Animación  
Figurantes de época · Música  
Talleres demostrativos · Rincón infantil

Haberá Taberna, Pulpeira, etc...

Concello de Melide XUNTA DE GALICIA Deputación de Lugo

## FIN DAS ESCOLAS DEPORTIVAS

Son moitas e variadas as actividades ofertadas nas Escolas Deportivas de Melide. Tanto é así que un día non chega a nada cando de exhibicións e actuacións de fin de curso se trata. Foron en concreto tres as xornadas nas que o alumnado fixo gala das destrezas adquiridas. O 27 de maio o pavillón municipal foi o escenario perfecto para as disciplinas deportivas e ante unhas bancadas cheas de público actuaron os inscritos en fútbol sala, patinaxe, Bule con Alcer, ximnasia terapéutica e ximnasia da terceira idade. Tamén houbo exhibición de baile moderno e zumba.

Dous días máis tarde, e xa na Casa da Cultura, foi a quenda das escolas de ballet, danza moderna, baile galego, pandeireta, acordeón, gaita e percusión. Tamén na Casa da Cultura, e como actuación de fin de curso, representou a escola de teatro a obra "O quiosco de Sabela". A sala de exposicións acolleu unha mostra cos traballos do alumnado da escola de pintura e fotografía.



Turismo Melide

## Palilleiras da asociación Catasol amosan o seu traballo

Pasarían perfectamente por veciñas de Camariñas: moven os dedos con destreza e non dubidan á hora de manexar os bolillos. Son xa 12 anos asistindo semanalmente á clase pero nunca ata agora as mulleres da Asociación de Amas de Casa Catasol pensaran en expoñer ao público o resultado de tantas horas de traballo e

dedicación constante.

Este ano fixérono e durante tres días do mes de maio a sala de exposicións da Casa da Cultura acolleu unha mostra con pezas elaboradas polas oito alumnas que asisten á actividade de labores, impartida por toda unha experta veciña de Monterroso: Salud Besteiro. As ensinanzas non só abranguen a

arte de palillar, senón tamén o ganch o ou o punto de cruz, polo que a mostra foi do máis variada: abanos, panos, flores, bolsos de "trapillo", manteleira, tapetes, toallas bordadas...

Logo dun inverno do máis produtivo, chega o descanso do verán coa fin das clases no mes de xuño. Retomaranse en outubro.



**Bodegas Alejuto**

**Bebidas Espirituosas**  
**Licores**  
**Alejuto**

Naturais, Aromáticos e Digestivos.  
Produtos de 1ª Calidade

Tfnos.: 981 507 762 - 652 819 732 - 654 532 557  
www.licoresmejuto.com  
Ronda de Pontevedra, nº 74 - 15800 MELIDE (A Coruña)

PRODUCTOS ORIXINAIS  
1ª Calidade: Dende 1954

**Bodegas Alejuto**  
Viños e Licores

## Kubala, unha persoa que deixou pegada

Xosé Núñez López, escritor

Xosé Ayude Curros, veciño de Santiso, foi por todos coñecido como "Kubala", alcume que herdou da época na que xogaba ao fútbol no equipo de afeccionados da parroquia de Visantoña. Pensa este servidor que, ao cumprirse este mes de xuño o décimo aniversario do seu pasamento, ben merece que lle dediquemos unhas liñas á que foi unha singular e ata certo punto extravagante personaxe, cuxa forma de vida fixo que se convertese nunha persoa moi popular en toda a parroquia.

Comezaremos por dicir que no mes de febreiro do ano 1962 "Kubala" adquiriu a primeira televisión que puido verse na parroquia de Visantoña e instalouna no baixo dunha casa en construción que había na aldea de Seoane e que era propiedade de Alfredo Iglesias, máis coñecido como "Alfredo do camiión" por conducir un dos primeiros camiións que circularon polas nosas precarias pistas de terra, antes de construírse a estrada a Melide. Posterior-



"Kubala" coa Banda de Música de Visantoña, da que formou parte, diante do cruceiro parroquial en 1956

mente, e como na mesma aldea de Seoane Abelardo Maneiro tiña bar e tenda de comestibles no baixo da súa casa, "Kubala" formou sociedade con el e trasladou a televisión a unha sala da casa de Maneiro, onde cobraban unha pequena cantidade para poder vela. Así foi ata que no ano 1963 "Kubala" rematou a construción da súa casa e levou a televisión para o bar que montou no baixo da propia vivenda, no lugar hoxe coñecido por A Balada.

"Kubala", home emprendedor, pasou o mellor da súa

vida intentando facer negocios e actividades diversas na nosa terra, actitude que para min é digna de gabanza aínda que poida ser que lle sobrase corazón e lle faltase algo de cerebro por non ter en conta a realidade de entón no rural da Galicia interior, onde cada vez había menos mocidade. O bar de "Kubala" converteuse mais ben nun autoservicio, xa que por ser solteiro e cun carácter moi autónomo, moitas veces ausentábase do local tanto de día como de noite, deixando o bar aberto. Os clientes, afeitos a esta circunstancia, non se

molestaban en saber do seu paradoiro, senón que eles mesmos servían as bebidas que querían e se había por alí algo para facerse un bocadillo non dubidaban en consumilo, deixando enriba do mostrador o diñeiro que podería valer a consumición.

Chegouno a dominar o vicio do xogo, ata o punto de ser este o principal motivo de dos seus desprazamentos. Tomou parte en campionatos de tute e gañou algúns, pero o seu deveso polo xogo non se limitaba ao tute ou ás sete e media, senón que tamén lle encantaba o dominó. Polo xeral, de contado que chegaba alguén ao bar disposto a facer a partida de cartas ou de dominó, deixaba de atender o negocio. Cando entraba algunha persoa que coñecía a "Kubala", sabendo que non desexaba ser molestado, metíase detrás da barra e servíase ela mesma o que necesitaba.

Cualifíqueino antes de autónomo, porque así como seus irmáns emigraron para Euskadi para gañarse a vida, el nunca quixo someterse ao "martirio" de suxeitarse a un horario nin de traballar baixo as normas impostas por unha industria. Dedicouse tamén algo ao comercio de madeira e á compra-venda de leiras, aínda que nunca a grande escala. Construíu unha segunda vivenda a carón da primeira e montou nela un bar máis moderno cunha sala de festas

e un terreo exterior para facer baile no verán. Inaugurouna en febreiro de 1976 con dúas orquestras e a Banda Popular de Música de Visantoña (da que por certo formou el parte durante varios anos). O 12 de marzo do ano seguinte fixo unha reinauguración cunha orquestra da Coruña e de novo a Banda de Visantoña. Houbo entrada gratuíta, polbo á feira, chourizos e lacón con grelos. Estes novos intentos de facer negocio tamén fracasaron, porque no rural galego de entón non había diñeiro nin xente suficiente para encher unha sala de festas e tampouco había estradas nin coches coma hoxe para desprazarse facilmente.

Poida que haxa persoas de Visantoña que critiquen o feito de que "Kubala" fose incluído no meu libro "Historia dunha parroquia do interior rural galego" entre as persoas que deixaron pegada nesta comarca. Gustaríame lembrar-lles a eses posibles criticadores que moitos veciños frecuentaban o seu bar para ver un partido de fútbol na televisión ou falar cos amigos sen facer ningunha clase de consumición, algo que noutros establecementos similares non lles sería permitido. O bar de "Kubala" foi durante moitos anos a casa de todos nós, sen esixir nada a cambio. Penso que isto debe ser valorado dende o punto de vista social e recordado como se merece.

## Os socios e colaboradores

Xavier Pazo, presidente da Asociación "Río Furelos"

Cando alguén decide poñer non a súa vida pero si case todo seu tempo libre e toda a ilusión nun proxecto como é o río Furelos a través da Asociación de Troiteiros Río Furelos sabe (e se non o sabe, non tarda en aprendelo) que nunca acertará ni contentará a todos. Aínda así segue pelexando, moitas veces poñendo en perigo amizades, pola súa posesión máis prezada. É difícil que todos esteamos satisfeitos coa xestión dunha sociedade, sobre todo cando toca racionalizar uns recursos que por desgraza son cada vez máis escasos, aínda que haxa quen non o acaba de ver.

Dito isto, ten que quedar moi claro que está asociación nunca renunciará á afección que todas as primaveras polo mes de marzo nos fai madrugar día tras día co soño de ter ao outro lado da sedela a unha das bravas troitas que aínda seguen remontando ou vivindo no río Furelos. A Asociación de Troiteiros Río Furelos conseguiu hai unha década unha das máximas ilusións coas que pode contar calquera asociación que se prece e sexa seria; o convenio do Coto do Río Furelos coa Consellería de Medio Ambiente. Nestes momentos estamos a xestionar a docu-

mentación necesaria para sacar adiante os proxectos que están pendentes de realizar: albergue de pescadores e recuperación da cabeceira da Balsa dos Frades.

Como sabedes, todo isto é posible grazas aos socios da Asociación de Troiteiros Río Furelos e a todos os establecementos colaboradores. Estamos abertos a toda colaboración, sexa privada, institucional, empresarial ou particular. Todas as entidades que colaboran dende hai anos con nós terán un pequeno sitio no noso corazón para agradecer-lles o seu apoio.



PD.: nun ano remataremos o mandato e levaremos a cabo as actuacións que faltan por rematar, presentaremos balance do feito e convocaremos os socios a unhas novas eleccións. De continuar, farémolo

coa mesma ilusión que o primeiro día, aínda que iso sexa utilizado para mofarse de nós. Aos aduladores, aos comenencias, aos interesados, aos que falan e non fan, aos que din... unha aperta e boa pesca.

## LAIA ZAPATEIROS

### Mestres do calzado artesán

Os irmáns Laia, herdeiros da tradición zapateira de Melide, rexentan un dos poucos obradoiros que quedan en Galicia



Os irmáns Laia: Antón, Ramón e Miguel

Son días de intenso traballo no obradoiro dos irmáns Laia. Sobre a mesa de madeira vai medrando aos poucos unha morea de sandalias a medio facer que axiña estarán listas en diferentes modelos e cores para a tempada de verán que comeza. Son arredor de 400 pares que inundan o espazo co olor característico do coiro curtido: limpo, neutro, un aroma nobre que impregna os estantes de madeira e as vigas do teito, que se mestura coas ferramentas e queda medio adormecido polo sol que, a través das ventás, entra reflectido pola pedra quente da Praza do Convento.

O faio desta casa, convertido en obradoiro artesanal, é un espazo de traballo privilegiado, acolledor e diferente. Diferente e único, como o produto que sae das mans de **Laia Zapateiros**, unha tenda e obradoiro de calzado rexentada dende hai máis de 25 anos por tres irmáns que, dende o corazón do casco histórico de Melide, souberon convertela nun referente para os amantes dos zapatos de máxima calidade. “Nin os das mellores marcas se poden comparar aos feitos á man”,

sentencia Ramón Laia dende a experiencia que lle confire toda unha vida dedicada ao oficio, “nós poñemos sempre aplantillados en sola de coiro de curtido vexetal”.

Nos materiais está a diferenza. No obradoiro de **Laia Zapateiros** só utilizan terneira como pel principal, cordeiro como forro e sola de coiro natural no aplantillado, sempre en curtido vexetal, seguindo un proceso completamente natural que o leva a estar como mínimo 20 días a voltas nos bombos de curtición mesturado con casca de carballo, de mimosa ou de quebracho. Mesmo as cores, excepto a negra, se obteñen a partir de tinturas vexetais. O resto faino a paciencia, o tempo e a habilidade coas mans, encargadas de ensamblar e coser dende a primeira ata a última das pezas que conforman o zapato. O resultado é un produto duradeiro, de calidade e permeable ao aire, polo que está recomendado para persoas con alerxia ou problemas de sudoración: “pouco ou nada ten que ver cun zapato de fábrica”.

Esas son as máximas ás que se mantén fiel dende os

inicios este obradoiro inscrito na Asociación Galega de Artesáns dende 1993 e acreditado pola Xunta de Galicia para o exercicio do oficio artesanal, unha certificación que se debe renovar cada cinco anos como garante da calidade e das boas prácticas.

**Laia zapateiros** non é o resultado da herdanza dunha longa tradición familiar, coa

que acostuma a asociarse o concepto artesán, pero si a consecuencia dos máis de dez anos que se dedicou á aprendizaxe do oficio antes de darlle vida ao seu propio negocio a principios da década dos 90.

Inicialmente foi concibido como un taller de reparación de calzado, pero a gran demanda dos poucos bolsos, cintos e sandalias que adornaron

o escaparate aquelas primeiras semanas, non deixaron lugar a dúbidas sobre o camiño que había que coller. A elección foi correcta e a día de hoxe os irmáns Laia poden presumir de ser os únicos herdeiros da longa tradición de zapateiros que houbo en Melide e de ter un dos poucos obradoiros artesáns de calzado que existen en Galicia.

**“A Melide vén moita xente comer o pulpo e mercar un par de zapatos”**

Do obradoiro dos irmáns Laia saen centos de pares de zapatos cada ano, todos eles de fabricación enteiramente artesanal. Hainos en cor marrón, negra, verde, granate, malva, en sola ou en goma, coa punta estreita, ancha, cadrada... as opcións son tan variadas como variada é a clientela, difícil de encaixar nun perfil concreto pero cun denominador común: “gústalles os calzado bo”.

Esa é precisamente a especialidade de Laia Zapateiros, a onde acoden clientes de todos os puntos de Galicia e mesmo de fóra das súas fronteiras: “a Melide vén moita xente comer o pulpo e mercar un par de zapatos”, aseguran. Unha parte deses sibaritas do calzado coñeceron o obradoiro melidense nalgunha das feiras de artesanía ás que acoden anualmente. A día de hoxe están presentes en Mostrart (A Coruña), Feito á man (Vigo), San Froilán (Lugo), Viveiro, Segovia, Salamanca, León... todas elas feiras de referencia, organizadas con coherencia e respecto polo concepto do artesanal, algo de grande importancia no obradoiro dos irmáns Laia: “hai moita manualidade na rúa pero a iso no se lle pode chamar artesanía”. **O obxecto artesán é un obxecto útil pero tamén fermoso; un obxecto que dura, pero que se acaba e se resigna a acabarse; un obxecto que non é único como a obra de arte e que pode ser substituído por outro obxecto parecido pero non idéntico.**



A fabricación de calzado no obradoiro de Laia Zapateiros é 100% artesanal. Na imaxe, Ramón Laia

## NOITE ABERTA DOS COMERCIOS

17 DE XUÑO Melide  
17:00h. ás 24:00h. A Coruña



### ANTICIPÁTE AS REBAIXAS

EKATÉ  
ROMERO ZAPATERÍAS  
LIBRERÍA VICTORIO  
MIS MEJORES LABORES  
CALZADOS BROZ  
MULTIOPTICAS  
COLORÍN COLORADO  
SISUKA  
STARDEMODA  
ORO LEI XOIERÍA  
XEBRE  
EL DÁNDOLO  
ELECTROSAN  
M&M MODA  
MARVI MERCERÍA  
LEIVA MOTORSPORT  
MUXICA  
ALAIN AFFLELOU  
CALIFORNIA 66 MODA  
PERFUMERÍA LYSS  
TU BOUTIK  
RIBEIRAO  
SUEÑOS MODA INFANTIL  
MEDUSA MODA  
PARAFARMACIA O CANTÓN  
SPORT MODA DEPORTES  
PEQUENIÑOS  
DEPORTES LÓPEZ  
CENTRO COMERCIAL ARES

CANTÓN SAN ROQUE, 11 881 977 417  
RDA. CORUÑA, 29 981 505 356  
TABOADA ROCA, 1 981 505 055  
AVDA. DE AMÉRICA, 3 657 435 699  
RDA. DA CORUÑA, 22 981 505 160  
RDA. CORUÑA, 20 981 505 199  
RDA. CORUÑA, 10 881 978 560  
SAN PEDRO, 1 698 164 377  
SAN PEDRO, 10 626 564 902  
SAN PEDRO, 14 981 505 468  
SAN PEDRO, 16 981 505 723  
RÚA DO CONVENTO, 15 981 506 370  
MARTAGONA, 13 981 507 964  
RÚA DO CONVENTO, 1 981 942 415  
RÚA DO CONVENTO, 16 981 507 194  
RDA. DA CORUÑA, 52 981 507 334  
RÚA DO CONVENTO, 36 981 506 366  
RDA. DA CORUÑA, 16 981 506 097  
ROSALEDA, 5 687 776 436  
RDA. DA CORUÑA, 44 981 507 684  
RDA. DE PONTEVEDRA, 61 881 956 394  
RÚA DO CONVENTO, 12 981 505 018  
ALEXANDRE BÓVEDA, 1 637 169 641  
RDA. DA CORUÑA, 26 881 978 279  
CANTÓN SAN ROQUE, 28 981 937 350  
CANTÓN SAN ROQUE, 38 981 507 601  
SAN PEDRO, 4 981 507 966  
AVDA. HABANA, 5 981 505 425  
RDA. DA CORUÑA, 27 881 975 319

ATA  
**50%**  
D.T.O.

**2x1**

**3x1**

